



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA.**

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.-** Examinadas as bases e a convocatoria e vista as resolucións do Concelleiro de Goberno de datas 20 de marzo de 2019 e 17 de abril de 2019, polas que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidas e excluídas e determinando as datas para a constitución do Tribunal e o inicio dos exercicios, a Presidenta declara validamente constituído o Tribunal.

**VALORACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO.-** Reunido o Tribunal Cualificador o día 02 de maio de 2019, procedeuse á valoración dos méritos alegados e xustificados polas aspirantes na fase de concurso, segundo o baremo establecido na base específica cuarta das bases da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 10, de 15 de xaneiro de 2019, co seguinte resultado:

APELIDOS, NOME	NOTAS
CASTELLANO SOTO, MARÍA ELVIRA	8,8
COLLAZO LÓPEZ, MARTA ELISA	12,4
FUENTES BELOSO, IRENE	10,2

**EXPOSICIÓN DAS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NA FASE DE CONCURSO.-** O Tribunal Cualificador, en cumprimento do disposto na base xeral 13ª da convocatoria, dispón que se expoñan as puntuacións outorgadas mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello e, de xeito complementario, na sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)), antes do comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

**REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO.-** De conformidade co establecido na resolución do Concelleiro de Goberno responsable da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, de data 20 de marzo de 2019, o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, **consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test**, de 20 preguntas, con respostas alternativas, referidas ás materias contidas na segunda parte do temario establecido na base sexta, durante un período de trinta minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio, terá lugar o día **07 de maio de 2019, ás 11:00, na Sala Bolechas da Casa da Luz, sita na Praza da Verdura deste Concello.**

O que se fai público para xeral coñecemento das aspirantes admitidas.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria do Tribunal

